

INSITUCIONAL

O Consorcio de Santiago celebrou este mes de marzo o seu Consello de Administración e Comisión Executiva

As reunións estiveron presididas pola alcaldesa da cidade e presidenta do Consorcio de Santiago, Goretti Sanmartín. No Consello de Administración participaron tamén os seus vicepresidentes: Pilar Paneque Sosa, subsecretaría do Ministerio de Facenda, en representación da Administración Xeral do Estado e Román Rodríguez González, Conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, en representación da Xunta de Galicia. E en calidade de vogais, Miguel Corgos López-Prado, Conselleiro de Facenda e Administración Pública da Xunta de Galicia e Borja Vereza Fraiz e Gonzalo Muniños Sánchez, ambos Concelleiros en representación do Concello de Santiago. Nas reunións, aprobáronse diferentes asuntos de trámite para os vindeiros meses.



Máis información:

<http://www.consorciodesantiago.org/gf/noticias/o-consorcio-de-santiago-celebra-este-martes-o-seu-consello-de-administracion-e-comision>

OFICINA TÉCNICA

Conclúe a última fase de instalación da fibra óptica na Cidade Histórica

O 6 de marzo tivo lugar, no Pazo de Raxoi, o acto oficial de culminación da despregadura da fibra óptica, tras unha inversión de 2,6 millóns de euros. No acto, estiveron presentes a alcaldesa de Santiago de Compostela e presidenta do Consorcio, Goretti Sanmartín, acompañada de Miguel Rodríguez Quelle director da área de Sociedade Dixital da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega), de Manuel Chain, Subdirector Xeral de Conservación e Restauración de Bens Culturais da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia xunto con Nani Fernández, directora de Relacións Institucionais de Orange e de Belén Hernández, xerente do Consorcio.

Con esta xuntanza clausurouse a finalización da 13ª e última fase da instalación da fibra óptica na Cidade Histórica. Esta despregadura permitiu o acceso das 'zonas brancas' do Plan Especial da Cidade Histórica á fibra óptica, tras enfrontar retos técnicos e legais ao tratarse dunha despregadura nun casco histórico de alta protección patrimonial. A execución da despregadura supuxo a instalación de máis de 21 km de fibra óptica e máis de 1.000 'Caixas Compostela' deseñadas pola empresa COMMSCOPE para a operadora Orange.

Máis información:

<http://www.consorciodesantiago.org/gf/noticias/o-consorcio-de-santiago-celebra-este-martes-o-seu-consello-de-administracion-e-comision>



Publicada a licitación da concesión para o servizo de xestión, explotación e mantemento do Palacio de Congresos e Exposicións de Galicia

O pasado martes 27 de marzo publicouse a licitación para a xestión das actividades do Palacio de Congresos. A licitación, publicada na Plataforma de Contratación do Estado e no Diario Oficial da Unión Europea, establece un período de 7 anos, non prorrogables para a nova concesión. O prezo da licitación da concesión ascende a 10.942.365 millóns de euros, cunha inversión mínima de 350.000 euros en mobiliario e equipamento. Prevese que a nova concesión entre en vigor o próximo 1 de outubro, mes para o que está previsto que o Palacio recupere a súa actividade habitual.



Máis información:

<http://www.consorciodesantiago.org/gf/noticias/publicada-licitacion-de-concesion-para-o-servizo-de-gestion-explotacion-e-mantenimento-do>

PUBLICACIÓNS

O Consorcio de Santiago coedita xunto a editorial Positivas o libro Alfredo Vilas. O republicanismo irreductible do esquecido "Castelar galego"

O martes 5 de marzo o Consorcio de Santiago presentou no Museo do Pobo Galego o libro Alfredo Vilas. O republicanismo irreductible do esquecido "Castelar galego", que recupera e homenaxea a figura pública do orador e político galego Alfredo Vilas. A presentación da obra, coeditada xunto coa Editorial Positivas, contou coa presenza do autor, Gonzalo Vilas, ilustrador, deseñador e humorista gráfico que tamén é descendente indirecto de Alfredo Vilas, e Francisco Macías, director da editorial Positivas. Tamén asistiron a alcaldesa e presidenta do Consorcio de Santiago, Goretti Sanmartín; a xerente do Consorcio de Santiago, Belén Hernández, e a vicepresidenta do padroado do Museo do Pobo Galego, María Xosé Fernández Cerviño.



Máis información:

<http://www.consorciodesantiago.org/gf/noticias/o-consorcio-de-santiago-e-editorial-positivas-presentan-o-libro-alfredo-vilas-o-republicanismo>

MÚSICA



A RFG conversa coas persoas abonadas sobre a súa programación e o futuro da orquestra

O Auditorio de Galicia en Santiago de Compostela e o Teatro Afundación en Vigo foron os enclaves onde Baldur Brönnimann, director titular e artístico da RFG, e Sabela García Fonte, directora técnica, conversaron coas persoas abonadas. Ambos encontros tiveron como obxectivo tender pontes coa audiencia e coñecer a opinión do público.

Máis información:

<https://www.rfgalicia.org/gf/a-real-filharmonia-de-galicia-promove-un-encanto-co-seu-publico/>



'Sons latinoamericanos' acompañados por un viño ofrecido por Galicia Calidade

O pasado xoves 14 de marzo a Real Filharmonía de Galicia homenaxeou á música latinoamericana nun concerto incluído na tempada de abono 'Migracións'. O concerto, dirixido por Baldur Brönnimann, contou coa presenza do recoñecido barítono uruguayo Darío Solari. Ao finalizar o concerto, o público asistente puido gozar dun viño e petiscos da man de Galicia Calidade.

Máis información:

<https://www.rfgalicia.org/gf/a-real-filharmonia-de-galicia-rende-homenaxe-a-musica-popular-latinoamericana/>

Próxima convocatoria do Curso Avanzado de Especialización Orquestral para o ano académico 2024-25

A Escola de Altos Estudos Musicais publica as bases da próxima convocatoria do CAEO (Curso Avanzado de Especialización Orquestral) que abrirá o prazo de inscrición o próximo mes de abril. Os candidatas e candidatos deberán inscribirse a titulación superior de abril do 31 de decembro do 2024. Flauta, oboe, clarinete, fagot, trompa, trompeta, violín, violoncello, viola, contrabaixo e percusión son as especialidades que oferta o CAEO.

Máis información:

<https://eaem.es/gf/noticias/convocatoria-curso-avanzado-de-especializacion-orquestral-2024-25/>

